



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Lingua Inglesa 3	Código	613G02015	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Puente Castelo, Luís Miguel	Correo electrónico	luis.pcastelo@udc.es	
Profesorado	Fowlie , James Alexander	Correo electrónico	james.fowlie@udc.es	
	Puente Castelo, Luís Miguel		luis.pcastelo@udc.es	
Web	www.udc.es			
Descrición xeral	Esta materia amplía e profundiza os coñecementos da lingua inglesa, consolidando as competencias de B2 e cubrindo unha parte das competencias de C1 nas catro habilidades básicas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
O estudantado debe expresarse dunha maneira creativa, orixinal e imaxinativa en textos orais e escritos de lingua inglesa.			
O estudantado debe ter a capacidade de entender as principais ideas da maioría dos textos orais ou escritos en inglés, seguir liñas argumentais complexas e identificar as principais conclusións ás que chegou o falante, sempre que o tema sexa relativamente coñecido.			
O estudantado debe poder seguir os discursos de textos orais dos medios de comunicación, sempre que se fale un nivel de lingua estándar, pero mesmo tamén empregando unha cantidade considerable de linguaxe coloquial e de expresións idiomáticas.	A6	B3 B4 B8 B10	C2 C4
O estudantado debe poder expoñer con claridade a súa opinión sobre diferentes temas e textos, explicando claramente e destacando os puntos principais do seu argumentario, debatindo de xeito axeitado, procurando convencer os demais e respondendo ás cuestións e dúbidas que poidan xurdir.	A1 A6 A9 A10 A15	B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B10	C2 C4
O estudantado debe tomar parte activa en debates orais sobre asuntos de interese cotiáns e xerais, explicando e defendendo o seu punto de vista usando unha linguaxe apropiada.	A1 A6 A9	B3 B4 B5 B10	C2



O estudantado debe ser capaz de expresarse en inglés escrito con claridade e fluidez, dunha forma coherente e ben organizada, usando conectores de maneira apropiada. Deben usar vocabulario e estruturas que matizan e expresan modalidade: graos de certeza/incerteza, crenza/dúbida, probabilidade/improbabilidade, usando parágrafos e puntuación correctamente.	A1	B1	C2
	A6	B2	C4
	A9	B3	
		B4	
		B5	
		B6	
	B10		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Gramática	1.1. Usos de it 1.2. Énfase: Cleft and semicleft sentences, extraposition... 1.3. Wish & unreal constructions 1.4. Adverbials 1.5. Clases de palabras e formación de palabras
2. Vocabulario	2.1. A cidade e as vilas 2.2. Os lugares nos que vivimos 2.3. Política e regulacións 2.4. O medio ambiente 2.5. Diversidade e discriminación
3. Writing	3.1. Expresar a opinión propia e convencer os demais 3.1.1. Comentarios 3.1.2. Informes 3.1.3. Críticas 3.2. Cartas 3.2.1. Cartas formais e informais 3.2.2. Cartas de reclamación

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1 A6 A9 A10 A15 B1 C2	2	0	2
Sesión maxistral	A6 A15 B3 B8 B10 C2 C4	17	8	25
Discusión dirixida	A1 A6 A9 B4 B5 B7 B8 B10 C2 C4	7	13	20
Proba oral	A6 A9 B4 B7 B8 B10 C2	0	6	6
Seminario	A1 A6 A10 B6 C2	14	14	28
Proba obxectiva	A6 A15 B3 B6 C2	0	25	25
Foro virtual	A6 A9 A10 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C2 C4	0	11	11
Portafolios do alumno	A1 A6 A9 A10 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C2 C4	2	30	32
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Primeira toma de contacto coa materia, na que as actividades teñen como fin a obtención de información sobre o nivel de competencia do estudantado, para poder avanzar de acordo coas súas expectativas e necesidades.
Sesión maxistral	Exposición de contidos teóricos e prácticos, acompañada de material audiovisual, co fin de aumentar e consolidar os coñecementos do estudantado da lingua inglesa e os temas aprendidos.
Discusión dirixida	Diálogos en parellas e grupos pequenos, con seguimento do profesor, nos que se poñen en práctica as habilidades do estudantado, e nos que poden ter lugar conversacións e debates informais e espontáneos.
Proba oral	Unha proba na que se avalía a competencia comunicativa, dentro do contexto dunha entrevista individual ou de parellas, cun ou ambos os profesores.
Seminario	Son sesións prácticas nas que se traballan as habilidades básicas en relación co programa, e nomeadamente, o speaking, o listening e o reading.
Proba obxectiva	Exame escrito. Permite que os profesores avalíen os coñecementos e habilidades lingüísticas adquiridos, desenvolvidos e mellorados durante o curso. Pode incluír varios tipos de preguntas e basearse nos materiais utilizados ao longo do curso.
Foro virtual	Espazo de participación virtual no Moodle, no que o estudantado deberá participar, enlazando novas e expresando a súa opinión sobre elas, debatindo e contestando as achegas dos compañeiros, e tentando convencer os demais.
Portafolios do alumno	Conxunto de tarefas de redacción encomendadas durante o cuadrimestre.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	<p>O profesor corraxirá ao longo do curso varias redaccións de cada estudante.</p> <p>O estudantado deberá ter en conta os seus erros e as correccións e comentarios para futuras ocasións. Poderán e deberían consultar co profesorado sobre a maneira de mellorar o seu rendemento, e usar o tempo dedicado á auto-aprendizaxe para corraxir erros.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba oral	A6 A9 B4 B7 B8 B10 C2	Todo o estudantado realizará unha proba oral ao final do cuadrimestre, na que deberá mostrar as súas competencias comunicativas orais en lingua inglesa. Avaliarase a capacidade de facerse entender, a súa coherencia, fluidez, pronunciación e tamén a complexidade e corrección léxicas e gramaticais.	15
Seminario	A1 A6 A10 B6 C2	No seminario avaliarase o conxunto de tarefas de comprensión escrita (reading) e oral (listening) realizadas durante o curso.	20
Portafolios do alumno	A1 A6 A9 A10 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C2 C4	Avaliaranse varias redaccións (writing). As características de cada unha serán explicadas polo profesor na aula.	15
Proba obxectiva	A6 A15 B3 B6 C2	Unha proba obxectiva (exame) baseada nos materiais presentados na clase. Inclúirá varios tipos de exercicios. Deste 40% da materia, 30% corresponderá a un exame escrito de gramática e vocabulario, 5% a unha comprensión de texto escrito (reading) e 5% a unha comprensión de texto oral (listening).	40
Foro virtual	A6 A9 A10 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C2 C4	O estudantado deberá participar no foro virtual da materia ao longo do curso, enlazando novas e expresando a súa opinión sobre elas, debatindo e contestando as achegas dos compañeiros, e tentando convencer os demais. Valorarase, ademais da corrección da linguaxe e a capacidade de debate, a frecuencia da participación no foro AO LONGO DE TODO O CURSO.	10
Outros			



Observacións avaliación

Para superar a materia, o estudiantado terá que cumprir as seguintes dúas condicións: A) Media ponderada do conxunto das actividades superior a 50. B) Ter máis dun 40% da nota en cada unha das seguintes tarefas: "proba oral", "seminario", "proba obxectiva" e "portafolios do alumno".

No caso de non cumprir con algunha destas condicións, o estudiantado terá que acudir á oportunidade de xullo.

Entrega de traballos: Aplicarase unha penalización do 25% aos traballos presentados fóra de prazo sen causa xustificada. Os traballos con evidencia de plaxio serán cualificados automaticamente coa calificación de 0. Poderanse empregar programas específicos de detección do plaxio. Cualificación de Non Presentado (NP): Para obter a cualificación de Non Presentado (NP) o estudiantado deberá non ter realizado a Proba obxectiva / Exame final, nin a Proba oral, nin ter entregado máis do 50% dos exercicios de avaliación continua.

OPORTUNIDADE DE XULLO: O estudiantado que non supere a materia na primeira oportunidade terá que acudir á oportunidade de xullo, que terá a mesma ponderación das diferentes actividades de avaliación mais na que parte dos traballos serán substituídos por novos traballos específicos. As partes da materia superadas (máis do 50% da nota) na primeira oportunidade non terán que ser repetidas na oportunidade de xullo.

DISPENSA ACADÉMICA: O estudiantado con dispensa académica oficialmente recoñecida será avaliado segundo as indicacións para a oportunidade de xullo, mantendo as mesmas porcentaxes da avaliación e realizando as adaptacións dos traballos necesarias por motivos de presencialidade. O estudiantado nesta situación deberá poñerse en contacto co profesorado tan pronto como teña coñecemento da mesma.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Vince, Michael (2009). Advanced Language Practice. English Grammar and Vocabulary. London: MacMillan - Tims, Nicholas et al. (2014). Face2face Advanced Workbook. Cambridge: CUP - Swan, Michael (1996). Practical English Usage. Oxford: OUP - Quirk, Randolph & Sidney Greenbaum (1985). A University Grammar of English. London: Longman - Mann, Malcolm (2008). Destination C1 and C2: grammar and vocabulary. London: MacMillan - Burgess, Sally & Amanda Thomas (2014). Gold Advanced Coursebook. Harlow: Pearson - Jones, Leo (2001). New Cambridge Advanced English. Cambridge: CUP - Edwards, Lynda & Jacky Newbrook (2014). Gold Advanced. Maximiser with key.. Harlow: Pearson
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Beaumont, Digby & Colin Granger (1991). Heinemann English Grammar. Oxford: Heinemann - Thomson, Audrey Jean & Agnes V. Martinet (1993). A Practical English Grammar. Oxford: OUP - Collie, Joanne & Stephen Slater (1992). Cambridge Skills for Fluency: Speaking 3 (and 4). Cambridge: CUP - Swan, Michael & Catherine Walter (1997). How English Works. Oxford: OUP - Side, Richard & Guy Wellman (2000). Grammar and Vocabulary for CAE and CPE. London: Longman - O'Connell, Sue (1992). Focus on Advanced English. London: Nelson - McCarthy, Michael & Felicity O'Dell (1996). English Vocabulary in Use. (Advanced). Cambridge: CUP - Littlejohn, Andrew (1993). Cambridge Skills for Fluency: Writing 3. Cambridge: CUP - Hewings, Martin (1999). English Grammar in Use. Advanced.. Cambridge: CUP - Greenall, Simon & Michael Swan (1986). Effective Reading. Cambridge: CUP - Greenall, Simon & Diana Pye (1993). Cambridge Skills for Fluency: Reading 3 (and 4). Cambridge: CUP - Collie, Joanne & Stephen Slater (1992). Cambridge Skills for Fluency: Listening 3 (and 4). Cambridge: CUP - Allsop, Jake & Peter Watcyn-Jones (1990). Test Your Prepositions. London: Penguin - Allsop, Jake & Peter Watcyn-Jones (1990). Test Your Phrasal Verbs. London: Penguin

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Inglesa 1/613G01003

Lingua Inglesa 2/613G01008

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Lingua Inglesa 4/613G01019
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías